



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A "FUNDACIÓN JUANSOÑADOR" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO E DE OCIO E TEMPO LIBRE, DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA INFANCIA, ADOLESCENCIA E FAMILIAS

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2017

REUNIDOS

Dunha banda, Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento e o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra, Don José María Blanco Alonso, con NIF. 11940871-F, no nome e representación da Fundación JuanSoñador con CIF G-24452435 domicilio na Avda. Antibióticos, 126, 24009-León, en virtude do seu cargo de representante legal da Fundación JuanSoñador, ao que se lle outorga poder xeral, segundo consta no certificado emitido o día 14 de xuño de 2014 polo secretario da Fundación.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando



igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Segundo.- A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Terceiro. – Que a Fundación JuanSoñador, entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia co número E-4622, ten como finalidade a prevención, educación e promoción social de nenos e nenas, adolescentes en situación de risco, marxinalidade e exclusión social, ofrecéndolles a través de propostas educativas integrais, a través das cales non só se dea resposta ás necesidades primarias, senón que se desenvolva un proceso educativo que axude aos menores na súa promoción humana integral, incidindo nas raíces e causas da pobreza e exclusión, e por outra banda optando por unha educación como metodoloxía pedagóxica-preventiva, entendendo a educación como elemento fundamental para a prevención e superación de situacións de desvantaxe na que se atopan nenos, nenas e adolescentes e mozos.

Para levar a cabo os ditos fins establécense as seguintes áreas de actuación no marco do programa:

- 1- Atención ao desenvolvemento persoal e social
- 2- Atención escolar



3- Atención familiar

4- Atención e dinamización do ocio e tempo libre

Cuarto.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e a Fundación JuanSoñador, comprometida institucionalmente coa infancia, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos/as menores en situación de risco ou desamparo, mediante unha perspectiva de educación integral e de enfoque de dereitos, que favoreza o desenvolvemento de todas as capacidades dos menores e aportando ferramentas para o cambio persoal e social.

Quinto.- O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

Sexto.- A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe, que ven sendo executado des hai anos por a Fundación JuanSoñador en toda a Comunidade Autónoma ben a través de convenios de colaboración ou ben de forma autónoma con fin de levar a cabo a súa labor social en interese dos menores acollidos no sistema de protección, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública para a a concesión dunha subvención para tal fin.

Dacordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a suscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a



especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concurrencia pública, como é o caso.

A execución material do programa que se desenvolve no clausulado e anexo deste convenio materializase anualmente, ante a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma, mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación JuanSoñador, a cal, desde os anos noventa, está especializada no ámbito da infancia e a adolescencia, e ven colaborando desde entón coa Xunta de Galicia no desenvolvemento de programas que promoven a integración das persoas menores en situación de risco ou exclusión social en contextos normalizados (familia, escola, ámbito social, etc.) a través de actividades de ocio y tiempo libre, así como apoio socio-educativo para menores con necesidades específicas.

Sétimo.- A Fundación JuanSoñador na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos de colaboración.

Por outra banda, a Fundación JuanSoñador achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos aportados por outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade, o que permite a súa realización en condicións económicas máis vantaxosas para a Consellería de Política Social.

Consideráselle polo tanto idónea para a execución de dito programa pola a súa experiencia no ámbito da atención aos/as menores a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos/as menores acollidos/as ao sistema de protección.

A Fundación Juan Soñador ten acreditado ademais, a través dos correspondentes certificados, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e da Seguridade Social.



En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é o establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación JuanSoñador en virtude do cal os menores en situación de risco, desamparo ou exclusión social que estean baixo a tutela e/o garda da Xunta de Galicia podan acceder ao Programa socioeducativo e de ocio e tempo libre, de atención integral para infancia, adolescencia e familias a través das liñas de actuación máis axeitadas segundo sexa o seu caso.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

Son beneficiarios do programa nenos, nenas, adolescentes, mozos e mozas e as súas familias, en situación de desamparo ou risco social. Preferentemente adolescentes de 12 a 18 anos en situación de desvantaxe educativa.

TERCEIRA. OBXECTIVOS

Obxectivo xeral: Lograr a igualdade de oportunidades e favorecer a inclusión social da infancia, adolescencia e mocidade en situación de vulnerabilidade a través de servizos de atención diúrna, de medio aberto, fóra do horario escolar, e cun enfoque integral na intervención, dando apoio, estimulando e potenciando o desenvolvemento persoal e social, a adquisición de aprendizaxes básicas e lúdicas, que compensen as desvantaxes socioeducativas e familiares.

Os seus obxectivos específicos son:

- Favorecer procesos de participación individual e grupal das persoas menores, como dereito e vía de inclusión social.
- Favorecer o desenvolvemento integral da infancia, adolescencia e mocidade a través de itinerarios socioeducativos individualizados: afectivo-sexual, social, ética, de valores, etc.



- Promover un marco de valores (igualdade, non violencia, tolerancia, interculturalidade, conciencia medioambiental, solidariedade,...) e de convivencia que complete e emende os recibidos noutros ámbitos.
- Desenvolver actividades encamiñadas a promocionar hábitos de vida saudable e prevención dos riscos contra a saúde.
- Conseguir a motivación do menor cara o estudo, aprendizaxe, favorecendo o éxito escolar e adaptación ao contexto escolar.
- Conseguir unha maior eficiencia na intervención co menor e a familia, a través do traballo en rede, coordinado e complementario con outros servizos, recursos, entidades.
- Acompañar ás familias no proceso persoal e socioeducativo dos seus fillos/as.
- Apoiar a participación da persoa menor (16 a 18 anos) e mocidade no mercado laboral, para previr situacións de inadaptación e exclusión, e dar resposta en aqueles casos nos que estas xa se están dando, potenciando o traballo en rede con axentes sociais, empresas, etc.
- Xerar oportunidades de relación, aprendizaxe e crecemento saudable, a través de alternativas de ocio para o tempo libre.
- Promover o desenvolvemento persoal e social das persoas menores, mediante unha intervención preventiva a través de actividades socioeducativas, culturais e de animación, favorecendo a participación social e a sensibilización sobre os dereitos da infancia.

Para o cumprimento destes obxectivos o programa presenta as seguintes áreas de actuación:

ATENCIÓN AO DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL

- Deseño, seguimento e avaliación do Itinerario Socioeducativo Individualizado.
- Titorías personalizadas.
- Atención e apoio psicológico.



- Espazo Entérate!, con talleres educativos temáticos de prevención dos riscos contra a saúde, promoción de valores e sensibilización social.
- Talleres individuais e/ou grupais de educación emocional e competencias sociais

ATENCIÓN ESCOLAR

- Apoio e reforzo educativo en horario extraescolar.
- Aprendizaxe de métodos de estudo e de planificación (organización de axenda, horarios,...).
- Espazo acompañado para o estudo.
- Espazo con acceso a ordenadores, impresora e internet.
- Préstamo de material escolar.
- Biblioteca: Préstamo de libros e animación á lectura.
- Coordinación, seguimento e/ou mediación cos centros escolares.

ORIENTACIÓN PRELABORAL

- Orientación para a formación e o emprego

ATENCIÓN FAMILIAR

- Educación familiar, asesoramento e orientación.
- Atención e apoio psicológico.

ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN DO OCIO E TEMPO LIBRE

- Punto de atención á convivencia: Espazo aberto para estar, xuntarse, conversar, lectura, xogos de mesa,...
- Punto de información: Sobre temas de interese e/ou actividades de ocio comunitarias.
- Participación en actividades lúdicas e de tempo libre comunitarias.
- Ocio en familia.



- Multideporte: Espazo para o fomento do deporte, mediante xogos e práctica deportiva.
- Realización de actividades lúdicas:
 - Xogos ao aire libre.
 - Actividades culturais.
 - Talleres de expresión artística e creativa.
 - Actividades educativas medioambientais (horta urbana, rutas en entornos naturais, talleres,...).
 - Celebración de festas temáticas.
 - Campamentos, acampadas.
- Merendas.
- Apoio educativo.

CUARTA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Para o desenvolvemento do programa, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, comprométese a:

1. Propoñer aos menores beneficiarios do programa, a través dun informe de derivación no que se recollan os antecedentes mais salientables e os obxectivos que se pretenden conseguir.
2. Facilitar aos equipos do programa o acceso á información relevante relativa aos menores participantes no programa.
3. Realizar todas as actuacións administrativas relativas aos beneficiarios do programa, que de acordo coa súa competencia lle corresponda: selección dos centros, menores e familias ás que se lle prestará o servizo que corresponda, notificacións dos casos aos responsables do programa, reunións, seguimentos, etc.)
4. Supervisar e coordinar todas as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa que son competencia da Consellería.



QUINTA. COMPROMISOS DA FUNDACIÓN JUANSOÑADOR

A Fundación JuanSoñador deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no que respecta ao desenvolvemento do programa obxecto deste convenio, e comprométese ademais a:

1. Confirmar, no prazo máximo de 7 días desde a recepción da proposta do equipo técnico do menor da xefatura territorial correspondente, a aceptación do/a menor proposto/a ou, en caso contrario, xustificar os motivos da non aceptación.
2. Executar o programa de acordo con estipulado neste convenio, segundo a metodoloxía e procedemento de intervención do programa.
3. Proporcionar os locais nos que se se desenvolverán as actividades, localizados en:
 - Lugo-Praza da Milagrosa, nº 10, 1ª planta. (Centro escolar Salesianos)
 - Vigo na rúa Elio Antonio Nebrija, nº 3, baixo
 - A Coruña na rúa Monasterio Toxos Outos, 1, baixo
 - Ourense-Praza Don Bosco, 1, baixo (Centro escolar Salesianos)
4. Proporcionarlle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, a través dos servizos periféricos competentes en materia de menores, un informe relativo a cada menor, ao mes desde o inicio da intervención, no que se detallen os obxectivos, áreas de traballo e actividades programadas para a súa consecución; un informe semestral mentres dure a intervención, así como un informe final coas actuacións desenvoltas e grao de consecución dos obxectivos, sen prexuízo de que poida solicitárselles a información que se estime necesaria.
5. Enviar semestralmente un informe estatístico sobre os casos atendidos nese período á Xefatura Territorial correspondente e á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que inclúa unha avaliación dos resultados obtidos

[Handwritten signature and stamp of the Consellería de Política Social]

[Circular stamp of the Consellería de Política Social and a handwritten signature]



6. Elaborar unha memoria anual dentro do mes seguinte á finalización do Convenio, que inclúa como mínimo as actividades realizadas, os recursos empregados e a valoración global de resultados.
7. Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/da menor sobre calquera outro.
8. Subministrar á Consellería de Política Social toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.

SEXTA. PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento dos programas, a Fundación JuanSoñador disporá en cada unha das localizacións do persoal educativo suficiente para atender os menores derivados, así como o persoal necesario para a coordinación e xestión.

Como mínimo aportará ao programa os seguintes:

Un/ha traballador/a social, con funcións de coordinación, seis educadores/as para atención directa, un/ha administrativo/a, e voluntariado.

O equipo que a Fundación JuanSoñador poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser aquela entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de empregador.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA. CONDICIÓNS ECONÓMICAS

A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente convenio cunha contía global de setenta mil euros (**77.000,00 €**), con cargo á partida orzamentaria **12.02.312B.481.0**,



dos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica na anualidade de 2017, na que existe crédito axeitado e suficiente previsto na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. A devandita aportación económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Así mesmo, Fundación JuanSoñador comprométese a achegar a cantidade de sesenta e un mil oitocentos coarenta e seis euros con vinte e tres céntimos de euro (61.846,23 €) procedentes de fondos aportados por programas cofinanciados con outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade.

As devanditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no Anexo deste convenio. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

- Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de **61.600,00** (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.



A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituir as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

- Os **15.400,00 €** restantes pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A dita xustificación farase coa achega da seguinte documentación:

- Relación de facturas
- Facturas orixinais.
- Xustificantes de pago dos gastos realizados e pagados segundo o establecido no parágrafo 2º do artigo 29 da Lei 9/2007. Esta documentación non será esixible para aqueles gastos realizados no último mes de vixencia do convenio, cuxo pago efectivo sexa imposible dentro do prazo de xustificación por causas non imputables á Fundación JuanSoñador; nestes casos, abundará coa presentación das facturas devengadas no período, conforme o indicado na aliña anterior, sen prexizo do sometemento a actuacións de comprobación e control posteriores.
- Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

O prazo máximo de xustificación é o 28 de decembro do 2017.

A Fundación JuanSoñador no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL

A Fundación JuanSoñador someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social poida requirirle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control



financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e 14 c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007.

A Fundación JuanSoñador deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE

As partes asinantes deste convenio garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades que se vaian realizar, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

No seu cumprimento, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, responsable do ficheiro “Xestión de servizos Sociais” e “Relacións administrativas coa cidadanía e entidades”, regulados ambos pola Orde do 15 de decembro de 2011, polo que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal (DOG núm. 246, do 27 de decembro), autoriza á Fundación JuanSoñador o acceso aos datos de carácter persoal contidos no devandito ficheiro, para os únicos efectos da execución deste convenio.

A Fundación JuanSoñador tratará os datos de conformidade coas instrucións do responsable do ficheiro e só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin



distinto. En particular, deberán prestar cumprimento ás previsións establecidas para o ficheiro de Servizos Sociais, incluído no anexo I da Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Política Social. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ao responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Porén non procederá a destrución dos datos cando exista una previsión legal que esixa a súa conservación; neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo o responsable do ficheiro a dita conservación.

DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución do convenio o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta integrada por representantes das partes. No caso de persistir as desavinzas, elevarase a resolución do conflito ao Conselleiro de Política Social.

A comisión mixta estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados polo conselleiro.
- Dous representantes da Fundación JuanSoñador e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A Comisión reunirase al menos dúas veces ao ano: unha trala sinatura deste convenio e outra trala edición da Memoria Anual. Ademais reuniranse cantas veces sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.



DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2017.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

Este convenio ten carácter administrativo, e os sus efectos se rexen polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia; o Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

En especial, o convenio quedará sometido a o disposto no artigo 11, sobre deberes dos beneficiarios, no artigo 17.3. sobre financiación das actividades subvencionadas, no artigo 32, sobre as causas de invalidez da resolución da concesión, e no artigo 33, sobre as causas de reintegro, da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sendo aplicables os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que podan presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio que non puideran ser resoltas no seo da comisión mixta de seguimento serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos



artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Por el transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fora o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do su pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, aislada ou en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Se cando concurra calquera das causas de resolución indicadas, existiran actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un



prazo máximo improrrogable de 3 meses para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no apartado 2 do devandito artigo 52.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

O convenio quedará sometido en canto a publicidade do mesmo ao establecido nos artigos 15 e 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e en canto a publicidade das subvencións ao establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Así mesmo será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

Así mesmo, este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

En proba de conformidade con canto antecede, as partes intervintes asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra.

**O CONSELLEIRO DE
POLÍTICA SOCIAL**

José Manuel Rey Varela



**O REPRESENTANTE LEGAL
FUNDACIÓN JUANSOÑADOR**

José María Blanco Alonso

Avda. de Galicia, 12
24000 Lugo

C.I. C. 024152435





Anexo

DESGLOSE DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO 2017			
CONVENIO DE COLABORACIÓN CON JUANSOÑADOR			
CONCEPTO	FUNDACIÓN JUANSOÑADOR	XUNTA DE GALICIA	PRESUPUESTO TOTAL
PERSOAL CONTRATADO	50.575,52 €	49.994,94 €	100.570,46 €
DIETAS/DESPLAZAMIENTOS	333,51 €	0,00 €	333,51 €
LOCAIS/SUBMINISTROS	2.599,03 €	13.132,74 €	15.731,77 €
COMUNICACIÓNS(correos, teléfono)	0,00 €	660,00 €	660,00 €
MATERIAL DE OFICINA	0,00 €	0,00 €	0,00 €
OUTROS GASTOS(material limpeza, menaxe, reparacións, primas, formación)	4.052,17 €	0,00 €	4.052,17 €
ACTIVIDADES, MATERIAL FUNXIBLE	4.286,00 €	716,15 €	5.002,15 €
GASTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN	0,00 €	12.496,17 €	12.496,17 €
TOTAL	61.846,23 €	77.000,00 €	138.846,23 €

